

ANUNCIO

O Pleno desta Corporación, na sesión celebrada o día 31 de xullo de abril de 2026, aprobou inicialmente o expediente de modificación das bases de execución do orzamento de 2026, que é o prorrogado do 2025, consistente en modificar a táboa que recolle as subvencións nominativas de 2026 da base n.º 14, nomeada “Subvencións”, condicionando a dita aprobación á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos núm. 14/2026.

En cumprimento do que dispón o artigo 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o expediente sométese a información pública polo prazo de quince días hábiles, que se comezarán a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, para que as persoas interesadas poidan examinalo e presentar as reclamacións que estimaren oportunas.

Se logo de que transcorra o prazo non se presentou ningunha alegación, o expediente considerárase aprobado definitivamente.

Monfero, 31 de xullo de 2026
O Alcalde en funcións

Alberto Cortizas Rejo